

## Sobre palabras compostas do tipo *pararraios*

Hai xa bastantes anos -e andábamos daquela máis empeñados no estudio doutro dos procedementos de formación de palabras (os prefixos)- que, con motivo da homenaxe que a Universidade de Santiago de Compostela quería render a un ilustre poeta galego, nos achegábase por vez primeira ás palabras compostas<sup>1</sup>, e desde entón non deixou de nos interesar todo o que se relaciona con estas cuestións<sup>2</sup>, polo que os comentarios que aquí se verten non deixan de ser outra "aproximación" provisional ó tema, sobre o que somos conscientes de deixar moitas cousas por dicir e moitos problemas por solventar, esperando con elo, polo menos, animar a outros a que profundicen máis na procura da súa resolución ou a enfocalos desde perspectivas, plantexamentos, métodos, máis axeitados e que procuren mellores resultados.

Nas obras de Cabanillas expurgadas mostrábase como grupo maioritario o correspondente ós nomes de cores, que permitían o establecemento de toda unha gradación de matices sobre o *verde*: *verdecraro*, *verdegaio*, *verdelouro*, *verdemariño*, *verderroibo*<sup>3</sup>, pero en absoluto destacaban os substantivos compostos de verbo + substantivo, dos que non rexistrábase máis que *parasol*, e *cicáis pitasilgo*<sup>4</sup>.

---

<sup>1</sup> Vid. "Palabras compuestas en *Na noite estrelecida y Camiños no tempo* de Ramón Cabanillas", *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago, 1977, pp. 137-151.

<sup>2</sup> De feito, diriximos logo dúas teses de licenciatura sobre o mesmo tema: a de X. L. Blanco Valdés, da que se publicou un resumo dos aspectos máis destacados, co título de "Palabras compostas en galego-portugués", en *Verba* 12, 1985, pp. 199-252; e a de Julia Marqués Valea, *Palabras compostas no galego actual*, presentada na Facultade de Filoloxía en setembro de 1989 e que permanece inédita, salvo unha notiña entresacada dun dos apartados, que aparece neste mesmo volume co título de "Notas sobre palabras compostas: unidades formadas por máis de dous elementos". As informacións que conteñen e as análises dos datos que presentan fóronnos de enorme utilidade para a redacción deste traballo, no que excusamos discusións de tipo teórico para as que podemos remitir ó noso artigo (e, lóxicamente, á bibliografía que alí se menciona) "Aproximación ó estudio das palabras compostas", *Homenaxe ó Profesor Constantino García*, coordinado por M. Brea e F. Fernández Rei, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago, 1991, I, pp. 77-100.

<sup>3</sup> Vid. art. citado en nota 1, pp. 145-146.

<sup>4</sup> Para os problemas que plantexa esta denominación, cfr. *ibidem*, p. 144.

O labor de expurga dos textos medievais efectuado por X. L. Blanco ofrece poucos casos deste tipo: el recolle *fodimalhas* (cfr. pp. 232-235)<sup>5</sup>; *fodestelho* (pp. 228-229) e *fududancua* (pp. 229-230); *perafuso* (pp. 238-239) e *tragazeite* (pp. 239-240); todos en grupos distintos<sup>6</sup>, e todos, ademáis, con bastantes problemas de identificación ou interpretación. É certo, de tódolos xeitos, que a literatura "nunca é o reflexo fiel da *fala* coetánea, e isto é especialmente comprobable no léxico; (...) pese á súa diversificación, segue rexistrando moi parcialmente o estado real da *fala*, aínda a literatura máis coloquial e popular" (Blanco, pp. 200-201); pero, aínda así "a expurgación destes [textos] permítenos postula-la posibilidade de existencia doutros moitos compostos populares que non chegaron ata nós por non teren caído na lingua escrita" (ibid., p. 201).

Consciente destas dificultades, a investigación de Julia Marqués tentou combinar fontes de diverso tipo: glosarios e dicionarios; obras literarias (seleccionadas pola súa riqueza en palabras compostas); e, gracias a traballar sobre un estado de lingua contemporánea, exemplos recollidos directamente da fala cotiá. O resultado foi o rexistro de 866 palabras compostas distribuídas da forma seguinte<sup>7</sup>:

- verbo + nome / nome + verbo:	471
- nome + adx. / adx. + nome:	203
- nome + nome:	61
- verbo + verbo:	11
- adx. + adx.:	18
- adv. + vbo. / nome / adx.:	87
- compostos de varios termos:	15

Os datos falan por si mesmos: a maioría do tipo descrito en primeiro lugar é abrumadora (máis da metade do total). E, dentro dese grupo, a alternativa nome + verbo aparece en moi contadas ocasións (a autora dese traballo non rexistra máis que nove). Dado que tampouco parece ser o tipo máis frecuente en latín<sup>8</sup>, e a pesar do valor relativo que presentan os datos manexados por X. L. Blanco, parece bastante claro que en galego se advirte unha progresión notable na frecuencia destes compostos, mostrando con elo unha tendencia paralela á das

<sup>5</sup> Dado que ordena os compostos en grupos atendendo non ós resultados senón os compoñentes, de maneira especial ós que parecen "nucleares", baixo o epígrafe de "Composicións verbais" recóllense *fodimalho* / *fodimalhas* e *fazfeiro*, que, de ser correcta a etimoloxía proposta, presentarían a orde inversa (substantivo + verbo). Vid. as oportunas discusións en pp. 232-235.

<sup>6</sup> En *fodestelho* e *fududancua*, por exemplo, prefírese dar relieve ó feito de que interveñan neles construcións preposicionais. Vid. o cadro de conxunto dos compostos atopados en pp. 214-215.

<sup>7</sup> O cadro en cuestión está recollido na p. 17 da tese de licenciatura (iné dita) citada en nota 2.

<sup>8</sup> Vid. F. Bader, *La formation des composés nominaux du latin*, Les Belles Lettres, Paris, 1962.

demáis linguas románicas<sup>9</sup>, pois non parece arriscado supoñer que hoxe resulta o modelo máis productivo en todas elas, e tamén o máis estudiado<sup>10</sup>.

Dispoñendo do repertorio analizado por J. Marqués, e coñecendo a escasez de rexistros de palabras compostas nos repertorios lexicográficos<sup>11</sup>, quixemos aproveitar-la recente publicación dun *Diccionario da lingua galega*<sup>12</sup> que ela non puidera consultar por non se ter aínda publicado, coa finalidade de corroborar-los nosos temores ou, pola contra, confirma-los datos xa ó noso alcance. Resultou máis ben o primeiro, posto que non logramos atopar máis que unhas 60 formas compostas do tipo que nos interesaba, coa peculiaridade de que resulta doado facer algunhas agrupacións a partir dunha mesma base verbal que se combina con substantivos diversos, como é o caso de *para-*, do que temos nese diccionario ata nove compostos distintos<sup>13</sup>.

Imos, pois, nesta primeira (e apresurada) aproximación a este grupo de compostos, limitármonos a esas formas rexistradas polo máis recentemente publicado diccionario galego<sup>14</sup>, sin entrar siquera en consideracións a propósito das

<sup>9</sup> Vid., entre outros, A. Giurescu, *Les mots composés dans les langues romanes*, Mouton, The Hague - Paris, 1975, por ex., p. 68: "Cette classe de synthèmes est l'une des plus riches et des plus fréquentes dans les langues romanes étudiées". Para Giurescu (ibid.) este tipo de composición "remonte au VIII<sup>e</sup> siècle pour ce qui est de la toponymie et même plus loin pour ces noms propres qui proviennent de sobriquets".

<sup>10</sup> A modo de exemplo, vid. os seguintes: F. Ynduráin, "Sobre un tipo de composición nominal, verbo + nombre", en *Presente y futuro de la lengua española (Actas de la Asamblea de Filología del I Congreso de Instituciones Hispánicas)*, OFINES, Madrid, 1964, II, pp. 297-302; A. Giurescu, "I composti italiani del tipo verbo-nome, risultati di una trasformazione di frase", *Revue Roumaine de Linguistique*, 13, 1968, pp. 421-437; E. Coseriu, "La formación de palabras desde el punto de vista del contenido (A propósito del tipo *coupe-papier*)", en *Gramática, Semántica, Universales. Estudios de lingüística funcional*, Gredos, Madrid, 1978, pp. 239-264; I. González, "Algunos aspectos de la composición de palabras en italiano", *Verba* 5, 1978, p. 351-363 (especialmente pp. 357-360); Ch. Schapira, "Les noms composés VERBE + OBJET DIRECT", *Travaux de Linguistique et de Littérature*, 20, 1982, pp. 271-282; M. Alvar Ezquerro, "De nuevo sobre los compuestos de verbo más sustantivo", *Actas del II Simposio internacional de Lengua española*, Ed. del Excmo. Cabildo Insular de Gran Canaria, Madrid, 1984, pp. 83-97; A. Vañó Cerdá, "Sobre el tipo de composición romance 'porta-plumas'", *Caligrama* 1, 1984, pp. 179-221; M. F. Pérez Lagos, "Composición de verbo más nombre en el *DRAE*", *Lingüística Española Actual*, 8, 1986, pp. 21-57; F. Gómez Solís, "Acerca de un tipo de composición nominal en español (Estudio lexicográfico)", *Estudios humanísticos*, 9, 1987, pp. 31-52; M. F. Lang, "Portar - A Profile of its Productivity and Morphosyntactic Characteristics in Verb-Complement Composition", *Bulletin of Hispanic Studies*, 65, 1988, pp. 163-168; S. Varela, "Spanish endocentric compounds and the 'atom condition'", en *Studies in Romance Linguistics. Select Papers from the Seventeenth Linguistic Symposium on Romance Languages (XVII. LSRL)* (Rutgers Univ. 1987), edited by C. Kirschner and J. DeCesaris, John Benjamins, Amsterdam, 1989, pp. 397-411; etc.

<sup>11</sup> Vid. a nosa "Aproximación ...", sobre todo nota 50 e pp. 99-100.

<sup>12</sup> Vid. C. García (dir.), *Diccionario da lingua galega*, Real Academia Galega - Instituto da Lingua Galega, A Coruña - Santiago, 1990.

<sup>13</sup> En cambio, non se recolle ningún, por exemplo, con *torna-*, do que E. Rodríguez, *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, Galaxia, Vigo, 1958-61, nos ofrece oito casos (tomo III).

<sup>14</sup> Son as seguintes (en orde alfabética, como foron recollidas): *abrelatas*, *afialápis*, *botafumeiro*, (*a*) *cachapernas*, *cachapiollos* (e *matapiollos*), *calafrió* (?), *calamar* (?), *catavento*, *chuchamel* /

razóns que puideron levar ós responsables a seleccionar precisamente esas e non outras de entre os centos delas que poderían recoller, coa intención de abordar de novo o problema a partir dun corpus moito máis extenso. E ímolo facer aplicando os criterios expostos na nosa "Aproximación ...", pp. 86-91.

1. Desde o punto de vista fonético, parece claro que todas estas formas levan un único acento principal, que recae neste caso, dada a disposición dos elementos compoñentes (verbo - substantivo), sobre o substantivo, que, por ocupa-la segunda posición, o atrae sobre si mesmo, relegando ó predicado verbal a dispoñer só dun acento secundario: *abrelatas, chuchamel, parasol, etc.*

A fusión dos dous elementos non provoca ningún tipo de alteración nin na parte final da base verbal nin na inicial da substantiva, nin siquera cando ésta comenza por vocal (*cortaúnllas / contaúñas*), salvo a normal contracción cando as dúas vocais átonas que entran en contacto son do mesmo timbre (*paraugas*).

2. En canto ós aspectos morfolóxicos, atopámonos ante un grupo de substantivos<sup>15</sup>, constituídos todos eles pola suma dunha base verbal e outra nominal.

En relación co primeiro dos constituintes, o problema principal que se ten plantexado repetidamente é o da "forma" na que está expresada esa base verbal: útrátase dun imperativo<sup>16</sup>; dunha 3ª persoa de singular do presente de indicativo<sup>17</sup>; dunha forma "non marcada" (infinitivo, base verbal a secas)<sup>18</sup>; de outra

---

*chupamel, contagotas, cortaúnllas / cortaúñas, crebanoces (e escachanoces, quebranoces), escornaboís, fincapé, furabolos, gardalama (e paralama), gardameta, gardarroupa, lavalouza, lucecú (ou vagalume), mexacán, mirasol (ou xirasol), parabéns, parabrisas, paracaídas, parachoques, parafuso, parapeto, pararraios, parasol, paraugas, pasacalle, pasamán, pasaporte, pasatempo, picapeixe, picaporte, picaraña, pinchacarneiro, pintasilgo (vid. supra nota 4), portamoedas, portavoz, portavultos, rafiaceos, reviravolta, rodapé, salvavidas, tapabocas, tiracroiois / tirapedras / tiratacos, tocadiscos, vichelocrego, viraqueta.*

<sup>15</sup> Só atopamos unha forma que, de ser correcta a interpretación etimolóxica, escaparía a esta observación, posto que se trata dun verbo: *termar* (< *ter man (de)*); de tódolos xeitos, é precisa unha "habilitación" para que o resultado pase a funcionar como verbo, de tal maneira que, ou ben se trata dun parasintético no que interveñen á vez composición e derivación, ou dun primitivo composto (\**termán*) do que logo derivou un verbo. Pola súa parte, *cachapernas* segue a ser formalmente un substantivo anque só se rexiste na locución modal *a cachapernas*.

<sup>16</sup> Darmesteter, por ex., é tallante neste sentido: "Pour résumer cette discussion, les composés sont formés primitivement, et de nos jours encore, avec l'impératif. Une analyse inexacte amène à y voir des créations avec l'indicatif; mais la science qui rend compte de cette erreur a le droit de la corriger, et l'on peut admettre que logiquement, sinon en fait, tous les composés contiennent l'impératif" (Cfr. A. Darmesteter, *Traité de la formation des noms composés dans la langue française comparée aux autres langues romanes et au latin*, Honoré Champion, Paris, 2<sup>e</sup> éd., 1967, p. 204).

<sup>17</sup> É, probablemente, a postura que conta hoxa con máis adeptos. Vid., entre outros, M. Alvar Ezquerro, "De nuevo sobre los compuestos ...", onde, entre outras cousas, comenta a posible neutralización das formas de imperativo e indicativo, e parece aceptar unha prioridade cronolóxica para as primeiras, aínda que logo a balanza se inclina polas segundas, probablemente por se-lo presente de indicativo "el menos marcado de los tiempos", e a terceira persoa "no implicar persona alguna" (ibid., p. 92).

cousa distinta? En liñas xerais, inclinámonos pola segunda posibilidade, aínda que sempre poida atoparse algún caso que non admita esa explicación, como sucede nesta ocasión con *vichelocrego*, onde *viche(s)* só pode ser interpretado como segunda persoa<sup>19</sup>.

O segundo elemento plantexa problemas doutro tipo, posto que a metade das veces aparece en singular (*botafumeiro, calafrio, calamar, catavento, chuchamel / chupamel, fíncapé, gardalama / paralama, gardameta, gardarroupa, lavalouza, lucecú* (e *vagalume*), *mexacán, mirasol* (e *xirasol*), *parafuso, parapeto, parasol, pasacalle, pasaporte, pasatempo, picapeixe, picaporte, picaraña, pinchacarneiro, portavoz, reviravolta, rodapé, vichelocrego*) e a outra metade en plural<sup>20</sup> (*abrelatas, (a) cachapernas, cachapiollos* (e *matapiollos*), *contagotas, cortaúllas / cortaúñas, crebanoces (escachanoces, quebranos)*, *escornaboís, furabolos, parabéns, parabrasas, paracaídas, parachoques, pararraios, paraugas, pasamáns, portamoedas, portavultos, rañaceos, salvavidas, tapabocas, tiracroios / tirapedras / tiratacos, tocadiscos, virachaquetas*). A consecuencia inmediata desta alternancia é que, mentras que as formas do primeiro grupo admiten o morfema de plural, as segundas son invariables en canto ó número (que só se determinará mediante o artigo ou outros modificadores que concorden co substantivo en cuestión: *os paraugas, moitos parabéns*<sup>21</sup>, *eses virachaquetas*)<sup>22</sup>. Aínda así, pódese constata-la unidade do "sintema" tamén neste aspecto, posto que se comproba que forma o plural engadindo simplemente

<sup>18</sup> Vid., por ex., Real Academia Española, *Esbozo de una nueva Gramática de la lengua española*, Madrid, 1975, p. 483. Para A. Giurescu, ("I composti italiani ...", p. 426), "partendo da un indicativo, i verbi diventano semplici termini dei composti, in cui l'unità e non più gli elementi individuali interessano e in cui si mantiene sola l'essenza verbale che non viene più attualizzata attraverso indici di persona, tempo e modo". Nun sentido similar se pronuncia R. L. Wagner ("Réflexions à propos des mots construits en français", *Bulletin de la Société Linguistique de Paris*, 63, 1968, pp. 65-82): "L'opération qui extrait cette base du système verbal la délie des marques catégorielles de personne, de mode, de temps, et lui confère par là, au niveau de la signification, une généralité extrême" (p. 77). Coseriu vai aínda máis lonxe, pois chega a decir que "desde el punto de vista funcional, esta forma no es siquiera un verbo, sino un sustantivo: si se quiere, una especie de participio sustantivado" ("La formación de palabras ...", p. 260).

<sup>19</sup> En calquera caso, é evidente que este composto tamén se sae da norma en que é o único da nosa relación no que o substantivo que aparece como segundo elemento vai determinado polo artigo, polo que posiblemente deberíamos estudialo aparte, xunto cos do tipo *bailanacriba, metementodo*, etc. (vid., neste mesmo volume, a nota de J. Marqués, infra, pp. 415-419).

<sup>20</sup> Non é fácil decidir si é singular ou plural o segundo elemento de *afialápis*, posto que o substantivo *lápiz* convertíuse en invariable en canto ó número.

<sup>21</sup> É probablemente o único caso que se emprega habitualmente en plural (non se di \**un parabéns*).

<sup>22</sup> Vid. ó respecto, entre outros, Pérez Lagos, "Composición ...", p. 38 ("Considerando el compuesto en conjunto, no importa si el segundo elemento está en singular o en plural, el nuevo sustantivo construido presentará su número según los determinantes"); ou E. de Bustos Gisbert, *La composición nominal en español*, Universidad de Salamanca, Salamanca, 1986, p. 240 ("no existe en general marca genérica de carácter flexivo sino que se determina en la combinación de la unidad compuesta con presentadores, actualizadores y adjetivos calificativos").

o morfema correspondente sobre a forma do singular. Que esta marca recaiga sobre o constituinte que era xa substantivo é importante, pero non olvidemos que, en calquera caso, débese sobre todo a que está no último lugar<sup>23</sup>.

A presenza das bases nominais en forma plural pode explicarse de moi diversas maneiras, entre elas pola natureza do nome, que pode designar algo múltiple ou responder a un uso figurativo ou familiar nas persoas; ou ben pola natureza do verbo, que pode indicar unha acción que esixa a presenza do obxecto en plural<sup>24</sup>. Pola contra, a presenza do singular resulta obrigada cando a base nominal fai referencia a "nomes non contables" (*vento, mel, lama, meta, roupa, louza, sol, ...*), a partir dos que poden nacer palabras compostas que designen seres, obxectos, etc., que sí sexan "contables".

Non hai que desdeñar tampouco a importancia do xénero que presentan os compostos en relación co dos substantivos que os integran como segundo elemento. A maioría dos nosos exemplos -tanto os que presentan un substantivo en forma singular como aqueles nos que atopamos un plural- coinciden en mostra-lo xénero masculino<sup>25</sup>, o que non chama a atención cando as bases o son tamén e rematan en /o/ ou en consonante, pero sí nos casos en que esa base nominal é un feminino rematado en /a/<sup>26</sup> (*un abrelatas, un gardarroupa, un paralama, ...*). As excepcións son: *lavalouza*, onde probablemente hai que sobreentender 'máquina que lava a louza'; *reviravolta*, que sigue tendo moito que ver con *volta* e ten como sinónimo *voltereta*; e *picarraña*, que nin siquera está claro se é unha palabra composta (existe unha variante *picaralla*, polo que poderíamos estar ante dúas formas dun sufixo derivativo), e, en caso de selo, qué elementos a integran: *ípica* + *araña* (subst.)?, *ípica* + *araña* (vbo., de *arañar*)?, *ípica* + *raña*?<sup>27</sup>. En calquera caso, o xénero feminino podería ser aquí analóxico do que mostran os nomes de outros apeiros de labranza.

Este comportamento dos compostos en relación co xénero ven probar unha vez máis a unidade intrínseca e a independencia destas formas con respecto ás ba-

<sup>23</sup> No grupo de compostos que seguen a orde inversa (nome + verbo), o morfema de plural recae sobre a base verbal cando o que resulta é un substantivo: *sanguesuga* - pl. *sanguesugas, ouropesa* - pl. *ouropesas*, etc.

<sup>24</sup> Vid., entre outros, Pérez Lagos, "Composición ...", p. 36; e M. Alvar Ezquerria, "De nuevo sobre ...", p. 94.

<sup>25</sup> Para Darmesteter, "Seuls les composés formés d'un verbe accompagné d'un complément direct ou indirect ou d'un adverbe sont essentiellement neutres" (cfr. Darmesteter, *Traité ...*, p. 229). Vid. tamén, entre outros, A. Rosenblat, "El género de los compuestos", *Nueva Revista de Filología Hispánica*, 7, 1953 (*Homenaje a Amado Alonso*), pp. 95-112, especialmente pp. 103-107 e 109-112; L. Bauer, "Deux problèmes au sujet des noms composés comprenant un premier élément verbal en français moderne", *Le Français Moderne*, 48, 1980, pp. 219-224 ("le genre d'un composé formé du groupe verbe + nom (...) est le genre 'neutre', formellement identique au masculin", p. 220).

<sup>26</sup> O único "ambixeno" parece ser (*un / unha*) *virachaquetas*.

<sup>27</sup> Esta última posibilidade é a que parece menos probable, posto que, de ser así, esperaríamos máis ben \**picarraña*.

ses que as integran, na medida en que vai ser o obxecto que pasan a designar o que determine a adscripción a un ou outro; e nin siquiera a existencia dunha vocal final identificable como morfema de xénero (e que, de feito, o é ou pode selo nas bases) vai condicionar esa adscripción.

Probablemente unha das probas definitivas da "integridade" destes compostos revélase no momento en que se volven susceptibles de recibir morfemas derivativos como se de bases simples se tratase. Isto é o que sucede, por ex., con *parapeto*, sobre o que se pode crear *parapetar(se)*; *paracaídas*, do que deriva *paracaidista*, etc.

3. A relación sintáctica existente entre as partes que integran estes compostos é simple na maioría dos casos: trátase de verbos transitivos seguidos do seu obxecto directo (*abrelatas*, *contagotas*, *cortaúnllas*, *mirasol*, *salvavidas*, *tiratacos*, etc.), que siguen unha orde fixa, que non admiten posibilidade de reversión (*\*latasabre*, *\*gotasconta*, *\*unllascorta*, etc.). Esta é tamén unha das razóns que nos levaban a considerar que a forma verbal presente está flexionada, en 3ª persoa de singular, xa que:

- *abrelatas* ven sendo 'un instrumento (utensilio, obxecto, ...) que *abre latas*', que cumpre esa función, que serve a esa finalidade;

- *contagotas* é 'algo que *conta* (as) *gotas* (que van caendo)' (aínda que, por suposto, non as vaia contando realmente, senón que o que fai é soltalas de unha en unha para permitir que sexan contadas ou controladas);

- *cortaúnllas* volve a ser 'un instrumento que *corta* (as) *unllas*', que se emprega con ese obxectivo;

- *mirasol* é 'algo (neste caso, unha pranta, unha frol) que *mira* (cara o) *sol*';

- *salvavidas* é 'un obxecto que *salva vidas*', que, polo menos, contribúe a salvarlas mantendo os corpos a flote;

- *tiratacos* é 'un xoguete (¿ou unha arma?) que *tira* (os) *tacos* (que se colocan nunha das súas extremidades)'; etc. etc.

Non faltan, sin embargo, compostos que plantexan problemas tamén neste sentido, posto que en *lucecú*, *vagalume* e *mexacán*, polo menos, esa estrutura non aparece de maneira tan evidente: *mexacán* (que tamén, aínda que o *Diccionario* que nos proporcionou o corpus non a recolle, coñece a variante *mexanacama*) é o nome dunha planta da que temos sentido dicir que, se lle tocas, se exprime-lo zume que ten o tallo, vaiche facer *mexar na cama*<sup>28</sup>. Pode que a denominación *mexacán* teña que ver coa creencia de que, se a morde un can, faino mexar, pero,

<sup>28</sup> E posiblemente non sexa ésta a única referencia ou propiedade que se lle aplique popularmente.

nese caso, non estaríamos ante un esquema transitivo (é difícil que alguén ou algo poida \**mexar* (un) *can*<sup>29</sup>), senón doutro tipo: 'algo que fai que un *can mexe*'. De maneira similar, *lucecú* e *vagalume* fan referencia (de xeito diverxente) á peculiaridade dese gusano de despedir luz (*luce*, *lume*), pero ¿podemos dicir que *lucecú* é 'un animal que *luce* (o) *cu*'?<sup>30</sup>; ¿e que *vagalume* é 'un animal que *vaga* (o) *lume*? Esto último, sobre todo, non parece ter moito sentido, a non ser que retorizamos tanto a expresión que pensemos en un gusano que vai *vagando*, que se move, e que, á vez, semella despedir *lume*. En canto a *calafrío* e *calamar*, poden non ser máis que aparentes compostos deste tipo, que comparten un inicio *cala*-<sup>31</sup> que, en realidade, responde a dúas orixes ben diferentes, xa que *calamar* parece ser un italianismo (ital. dialectal *calamaro*, toscano *calamaio*) introducido en español, galego e portugués (linguas nas que compite con *lura*, *lula*) pola intermediación do catalán, del tal maneira que non é un nome composto, senón un derivado sufixal de *cálamo* (do latín CALAMU 'pluma de escribir')<sup>32</sup>. En *calafrío*, pola contra, sí debe existir composición, xa que designa unha mezcla de 'calor' (mediante algunha forma do verbo CALERE) e 'frío'; o difícil é determinar con exactitude qué forma reviste cada unha das dúas bases<sup>33</sup>.

Non por ser préstamos doutras linguas románicas deixan de ser compostos deste tipo formas como *parapeto* ('algo que serve para *parar* ('protexer') o *peito*'), que reviste esa forma porque chegou polo ital. *parapetto*; *pasaporte*, do fr. *passport* ('documento que permite *pasar* (un) *porto*'); ou *picaporte*, adaptado do cat. *picaportes*, interpretado como un plural entroques do que realmente é (un composto do tipo *pararraios*), 'un instrumento que permite *picar* (no sentido de 'dar golpes para chamar') (n)as *portas*'.

4. Desde o punto de vista semántico, o significado global dos compostos deste tipo representa, en certo sentido, a simple suma dos significados dos compoñentes, a lexicalización dun sintagma predicativo, ou de toda unha frase adxec-

<sup>29</sup> Podería responder a ese "nombre extrêmement réduit de synthèmes [qui] possèdent une structure profonde constituée d'un verbe précédé du groupe nominal sujet", como o ital. *tremacuore* (vid. A. Giurescu, *Les mots composés* ..., p. 142).

<sup>30</sup> Non esquezamos a variante *lucencú*, que pode ser perfectamente *luz en cu*, denominación corrente tamén en falas occitanas: cfr. J. Corominas - J. A. Pascual, *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Gredos, Madrid, III, 1980, pp. 718-719, s. v. *luz*, onde se engade que "La fórmula infantil de que se ha hablado es un reflejo del vocablo más que la raíz de su creación. Lo básico es la creencia de que la luciérnaga lleva una linterna en el trasero (y quizás haya alusión al hombre que tiene que salir de noche para evacuar)" (p. 719).

<sup>31</sup> No caso de *calamar*, ademáis, axudaría a velo como un composto a presenza do substantivo *mar*, que indica precisamente o medio no que habita o animal que designa.

<sup>32</sup> É dicir, estamos diante dunha metáfora, posto que *calamar* quere dicir 'tinteiro', e chámase así pola tinta que derrama este animal. Vid. *DCECH*, I, 1980, p. 752.

<sup>33</sup> O que non parece é que se trate dunha suma de dous imperativos, como supón o *DCECH*, I, 1980, pp. 764-765, s. v. *caliente*.

tiva, co que poden ser considerados "compostos endocéntricos"<sup>34</sup>, se ben non parece exactamente o mesmo a adición que ofrecen as formas do tipo *verdegaiño*, ou *altibaixo*, ou mesmo *calafrío* (que sí indican unha suma de dúas cualidades ou sensacións), que a de *abrelatas*, *afialápis*, etc., nos que se indica a función que caracteriza a un obxecto, instrumento, máquina, etc., normalmente produto el mesmo (como tal obxecto, ...) dunha "invención" que debe ser bautizada dalgunha maneira. Ademais da descripción da función, son outros os procedementos que poden estar subxacentes nestas denominacións, como a metáfora (*fincapé*, *pinchacameiro*, *virachaquetas*) ou a hipérbole (*rañaceos*).

Se prestamos atención ós campos semánticos<sup>35</sup> nos que se inclúen os casos estudados, constatamos que:

a) unha parte deles corresponden a nomes de "artiluxios" (todo tipo de aparatos, utensilios ou instrumentos de uso doméstico, e auxiliar en sentido amplo): *abrelatas*, *afialápis*, *botafumeiro*, *catavento*, *contagotas*, *cortainllas*, *crebanoces*, *gardalama*, *gardarroupa*, *lavalouza*, *parabrisas*, *paracaídas*, *parachosques*, *parapeto*, *pararraios*, *parasol*, *paraugas*, *pasamáns*, *picaporte*, *portamoedas*, *portavultos*, *salvavidas*, *tocadiscos*, ...; e tamén prendas de vestir (como términos non desprovistos de connotacións festivas ou humorísticas): *tapabocas*.

b) Nomes populares e cheos de expresividade para animais e plantas témolos en: *escornaboís*, *lucécú* / *vagalume*, *picapeixe*, *vichelocrego*; *chuchamel* / *chupamel*<sup>36</sup>, *mexacán*, *mirasol* / *xirasol*.

c) Xogos e xoguetes (non sempre inofensivos) son designados asimesmo por compostos de significado claro e, en ocasións, con matices afectivos: *pasatempo*, *pinchacameiro*, *reviravolta*, *tiracroios* / *tirapedras* / *tiratacos*.

d) Ós seres humanos aplícanse nomes que designan actividades, funcións ou profesións, como *gardameta* ou *portavoz*; pero tamén outros de similar construción pero cargados de tintes peiorativos ou, cando menos, despectivos ou sarcásticos (que poden chegar a converterse en alcumes), do tipo de *virachaquetas*.

e) Un dos grupiños máis expresivos dos rexistrados é o constituído polos nomes familiares dalgúns dedos: o dedo pulgar, chamado *cachapiollos*, ou *matapiollos*; e o índice, conocido como *furabolos*, que non precisan de maiores explicacións. Por facer referencia ó corpo humano, poderíamos mencionar tamén aquí a locución tan gráfica *a cachapermas*.

<sup>34</sup> Para esta consideración, vid. o resumo de M. Alvar Ezquerria, "De nuevo sobre ...", pp. 95-96.

<sup>35</sup> Vid. a nosa "Aproximación", pp. 97-99.

<sup>36</sup> Que non quere decir exactamente 'planta que chupa o mel', senón que se refire a unha pranta -máis ben ás súas froles- que, cando se chupan, rezuman un líquido que ten sabor a mel.

f) Quédannos outras formas, de difícil clasificación por non dispoñer máis que dun caso de cada tipo, como sucede con *rañaceos*, que designa un tipo de edificio de altura tan considerable que parece que quere *raña-los ceos*; ou *pasacalle*, que é un tipo de composición musical que interpretan as bandas de música nas festas populares, cando fan o desfile matinal polas rúas.

Algunhas bases verbais parecen especialmente proclives á creación de compostos, como podemos observar con *gardar* (que dá lugar a *gardalama*, *gardameta* e *gardarroupa*), *pasar* (*pasacalle*, *pasamáns*, *pasaporte*, *pasatempo*), *picar* (*picapeixe*, *picaporte*, *¿picaraña?*), *portar* (*portamoedas*, *portavoz*, *portavultos*), e, sobre todo, *parar* (*parabéns*<sup>37</sup>, *parabrisas*, *paracaídas*, *parachoques*, *parafuso*<sup>38</sup>, *parapeto*, *pararraios*, *parasol*, *paraugas*).

5. Renunciando polo momento á formulación en "regras" de tipo xenerativo, o que parece indudable á vista deste reducido número de compostos de verbo + substantivo que comentamos é que o procedemento funciona de maneira bastante regular: un sintagma predicativo (verbo + obxecto directo), no momento en que se fixa para designar un obxecto que se caracteriza pola acción designada, é susceptible de converterse nunha "palabra composta" con tódalas consecuencias, e, á vez, de servir de modelo para a creación de formas analóxicas que respondan a esquemas e situacións semellantes, aínda naqueles casos que non resistan con claridade unha análise detida e que só se poidan explicar pola analoxía e a forza de atracción dese modelo.

MERCEDES BREA

Universidade de Santiago de Compostela

---

<sup>37</sup> Realmente, non está claro que o primeiro constituente deste composto sexa o verbo *parar*, pois máis ben parece unha fixación da expresión "que sexa *para ben*", co que xa non formaría parte deste grupo.

<sup>38</sup> É outra das formas que plantexan problemas: designa unha peza que se fai xirar sobre si mesma, ou unha especie de *fuso* grande. ¿É realmente o verbo *parar* o que está na base? Vid. as discusións etimolóxicas pertinentes en *DCECH*, IV, 1981, p. 388, s.v. *par*.